

Máis de media ducia de escritores mergullaranse durante toda a mañá entre a xente que participe na feira carballese. Aqueles que sexan quen de recoñecer un maior número deles e así o comuniquen na carpa instalada na praza do concello levarán un lote de libros.

A feira carballese amplía a súa oferta de produtos coa venda de libros

Media ducia de escritores promocionan o primeiro número de "Biblos difusión"

M. COBAS > CARBALLO

■ Patacas, ovos, queixos, cebolas ou mazás. Ducias son os produtos (non só perecedeiros, tamén hai fouciños, bancos de madeira ou cuncas de barro) que cada segundo, cuarto e quinto domingo de mes se poden mercar na feira de Carballo.

Unha ampla selección que hoxe se verá ampliada. Se o mundo da cultura na feira está representada pola música (coa venda de discos de Los Chichos ou o Reggaeton), únese, como experiencia pioneira, a venda de libros. A Librería Brañas colocará un posto entre os demais asiduos á feira. A actividade enmárcase na campaña de promoción de "Biblos difusión", unha folla voandeira que trata de promocionar a literatura galega. Galiza Nova de Bergantiños é a impulsora da iniciativa, que conta coa colaboración de Biblos e a Asociación de escritores en lingua galega. Neste primeiro número o autor escollido foi Francisco X. Fernández Naval que "prestou" o seu relato "Amor ás cegas" inspirado en dous inventes que el coñeceu cando traballaba

■ NOTAS

CONCURSO Varios escritores "agochados"

■ Máis de media ducia de escritores, da comarca e de fóra dela, estarán na feira mergullados entre o público. Aquel que sexa quen de recoñecer a un maior número deles e pase pola carpa instalada na praza do concello a comunicalo, levará un lote de libros.

AGASALLO Textos gratis para os que se acheguen

■ Ademais, dende as once da mañá (hora na que se abrirá a carpa), os que se acheguen poderán levar de balde moitos libros (tamén haberá onde mercar), participando nos diversos xogos que a organización disporá, sempre vencellados á literatura e ao mundo das letras.



A presentación de "Biblos difusión" tivo lugar o xoves

A intención é achegar a literatura galega a todos os sectores da poboación, especialmente a aqueles que non teñen acceso a ela

na Coruña e que se amaban en público, inconscientes de que os demais os miraban. Un "relato feliz", en palabras do propio autor, de rápida lectura, que tenta chegar coa

literatura a toda a poboación cluso aquela que non ten acceso a ela. Para facelo na feira de Carballo repartiranse boa parte dos 1.000 exemplares que virán a luz desta folla voandeira (ou moitos levaranse aos colexios da zona). A intención de Galiza Nova para próximas publicacións é de difundir a obra de autores da bisbarra, "para demostrar que a literatura galega aínda ten moito futuro por diante", segundo Vitor Recarei, responsable comarcal da organización.